

**OUTEIRO DE SAN XUSTO**

MANUEL ESPÍÑA

PUBLICACIÓNS

Na entrega do premio Solidariedade Médico Paulino a Xesús Silva e a Benposta contamos coa televisión de Corea do Sur, un país máis no que é admirado este crego galego, que, como auténtico profeta, no seu pobo é desprezado e ata perseguido.

Hoxe quero falar dos libros *A partir de hoxe*, de Manolo Regal, e *Con cordas de tenrura*, de Victorino Pérez Prieto, que foron presentados pola relixiosa Pilar Wirtz e o xesuíta Modesto Vázquez-Gundín, no centro Fonseca de A Coruña. Estes dous teólogos e fecundos escritores van xa camiño dunha ducia de libros e son indiscutibles militantes da que podemos chamar (aínda que non lle guste a monseñor Rouco) Igrexa popular de Galicia. E o mesmo acontece con case tódolos escritores de temas relixiosos, teolóxicos e pastorais, o mesmo que as revistas de máis difusión, como *Encrucillada* e *Irimia*. Pola contra, da Iglesia oficial a penas temos máis que as cartas pastorais dos bispos e os libros litúrxicos en galego.

A editorial Sept,^{ra} que publica estes libros e que ata publicou a primeira Biblia galega, é obra de leigos cristiáns de Galicia, que con total xenerosidade e responsabilidade percuran encher estes baleiros da Igrexa oficial e loitan por conseguila plena enculturación da nosa fe.

Pero, a cousa aínda é máis grave. Esta Igrexa non só non produce senón que tampouco consume, polo menos estes froitos, xa que é a mesma Igrexa popular a que merca e estudia estes libros. Realidade ben lamentable... A ver se agora que o Papa nos manda voltar ós documentos do concilio Vaticano II, nos achegamos un pouco máis entre todos, con Deus e co noso pobo.